

ACTA XXII ASEMBLEA XERAL DE MAREA PONTEVEDRA, PONTEVEDRA, MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018.

Sendo as 20:10 horas, e antes de que comece a asemblea, procédese á visualización do vídeo da proposta da Praza do Mar, explicado por un dos seus creadores, o arquitecto e membro da Marea Guillermo Casalderrey.

Dito vídeo atópase pendurado na canle de Youtube “O mellor alcalde o Rei” na seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=20OZJMXXtQc&t=1s>

Ás 20:30 comeza a XXII Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. **Aprobación da acta da XXI asemblea.**
2. **Balance económico de 2017 e orzamento de 2018.**
3. **Informe político.**
4. **Varios (se houbese)**

1. Aprobación da acta da XXI asemblea.

Vótase a aprobación quedando aprobada por unanimidade.

2. Balance económico de 2017 e orzamento de 2018.

Esteban Rey presenta o documento económico elaborado pola Permanente. Despois da exposición ábrese unha quenda de palabra procedéndose posteriormente á votación.

Vótase de xeito diferenciado, primeiro o balance de 2017 e despois o orzamento para 2018. Ambas son aprobadas por unanimidade.

O documento referido fica pendurado na web da Marea Pontevedra na seguinte ligazón:

<http://mareapontevedra.org/contas-claras/>

3. Informe político.

Peque González presenta a proposta do documento “Camiño 19” nos que figuran os eixos da pre-campaña.

Ábrese un debate no que varias das presentes expoñen estar de acordo co documento presentado, dando, a maiores, a súa opinión sobre a realidade política municipal e cal é o mellor xeito de actuar por parte da Marea para acadar os seus obxectivos.

Propóñense dúas achegas ao texto, aceptadas ambas por Peque González procedéndose á votación, ficando aprobado o documento por unanimidade.

Dito documento atópase pendurado na web de Marea Pontevedra na seguinte ligazón.

<http://mareapontevedra.org/wp-content/uploads/2018/03/Resolucio%CC%81n-poli%CC%81tica-XXII-Asemblea-MP-07.03.18.pdf>

4. Varios

Peque González lembra aos presentes que ao seguinte día é a folga do 8M, e anima a sumarse ás diferentes concentracións que se sucederán ao longo da xornada na cidade.

Levántase a sesión ás 21:23h

Asina: Miguel Anxo Serén García, Secretario de Marea Pontevedra.